

CIG-Saúde Laboral

Boletín nº 32

Nº 32 MAIO 2019 CIG - GABINETE TÉCNICO CONFEDERAL DE SAÚDE LABORAL www.cigsaudelaboral.org

SUMARIO

SABÍAS QUÉ..?

MÁIS DA METADE DAS EMPRESAS NON INVESTIGAN OS ACCIDENTES DE TRABALLO, A PESARES DE SER LEGALMENTE OBRIGATORIO

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

INFORMACIÓN

A EXPOSICIÓN A SUBSTANCIAS NOCIVAS PARA A SAÚDE NOS CENTROS DE TRABALLO. Un caso real exemplificador

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

DOCUMENTO/ANÁLISE

INFORME SOBRE A DESIGUALDADE GLOBAL (World Inequality Lab)



Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

INFORMACIÓN

O REXISTRO DA XORNADA DE TRABALLO: UN DISPOSITIVO DE PROTECCIÓN FRONTE AO ABUSO LABORAL

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

EDITA: Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

Máis da metade das empresas non investigan os accidentes de traballo, a pesares de ser legalmente obrigatorio



FINANCIADO POR:

CÓD. ACCIÓN: AT2018-0038



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE TRABAJO, MIGRACIONES
Y SEGURIDAD SOCIAL



FUNDACIÓN
ESTATAL PARA
LA PREVENCIÓN
DE RIESGOS
LABORALES, F.S.P.



Confederación Intersindical Galega

A lei de Prevención de Riscos Laborais (LPRL) no seu artigo 16.3 obriga ao empresario/a a “investigar os feitos que teñan producido un dano para a saúde dos traballadores/as, co gallo de detectar as causas destes feitos”. Se nos atemos literalmente ao artigo 16.3 da LPRL, a obriga do empresario/a é a de investigar todos aqueles accidentes con consecuencias lesivas para os traballadores/as afectados.

Transcendendo esta delimitación formal en relación á obriga de investigación de “accidentes con consecuencias lesivas para os traballadores/as” e facendo unha lectura ampla da LPRL en consonancia co seu espírito e filosofía, resulta evidente que esta delimitación é a todas luces insuficiente ao non incluír todos aqueles “accidentes brancos” ou tamén chamados “incidentes” que, por unha ou outra circunstancia non remataron ocasionando lesións aos traballadores/as. A súa necesaria investigación permitiría identificar situacións de risco descoñecidas ou infravaloradas ata ese intre, posibilitando a implantación de medidas correctoras para o seu control sen ter que esperar a que acontezan accidentes lesivos para os traballadores/as.

Os obxectivos dunha investigación de accidentes consisten esencialmente por unha banda en:

- Coñecer os feitos acontecidos que deron lugar ao accidente.
- Deducir as causas que os teñen producido.
- Eliminar as causas para evitar accidentes semellantes.
- Aproveitar a experiencia para mellorar os niveis de prevención.

Así as cousas parece lóxico e necesario que dada a súa obriga legal e as consecuencias que

deste acto se derivan, o empresario/a debería en principio investigar todos os accidentes de traballo. Neste senso existen diversos criterios para seleccionar e discriminar que accidentes ou incidentes deben ser sempre investigados.

A Organización Internacional do Traballo (OIT), considera que se deben investigar os accidentes que:

- Ocasionan a morte ou lesións graves.
- Aqueles que provocando lesións menores, se repiten e revelan situacións ou prácticas de traballo perigosas, debéndose corrixir antes de que ocasionen un accidente máis grave.
- Aqueles accidentes, sucesos perigosos ou incidentes que os axentes que interveñen na prevención da empresa (Servizo de Prevención Propio ou Alleo, Comité de Seguridade e Saúde, Delegados de Prevención) ou a propia autoridade laboral e sanitaria consideren necesario investigar polas súas características especiais.

Por outra parte o Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (INSST) ao considerar que é imposible investigar todos os accidentes, establece os seguintes criterios:

- Investigar todos os accidentes mortais e graves.

- Investigar aqueles accidentes leves, os incidentes ou incluso os accidentes brancos nos que se dea algunha destas características:
 - ✓ Notable frecuencia repetitiva
 - ✓ Risco potencial de orixinar lesións graves
 - ✓ Que presenten causas non ben coñecidas

Que acontece se non se investiga un accidente ou incidente?

Se incumpre unha obriga legal establecida para o empresario/a, tanto para accidentes como para incidentes. Este incumprimento empresarial constitúe unha infracción tipificada como grave, xustificada pola perda de importantísima e vital información para realizar actividades preventivas eficaces.

En calquera caso resulta conveniente que naquelas empresas nas que exista un Comité de Seguridade e Saúde Laboral, se establezan os criterios sobre o tipo de accidentes e incidentes que se investigarán e o grado de intensidade que en cada caso terán que ter esas investigacións.

Asemade deberíase garantir a participación dos delegados/as de prevención na investigación de accidentes e incidentes, non só por ser unha obriga legal do empresario/a, senón porque a súa participación facilita a obtención de información fundamental de primeira man que está máis achegada á realidade de traballo.

A NON INVESTIGACIÓN DOS ACCIDENTES DE TRABALLO POLAS EMPRESAS

Como xa vimos anteriormente a investigación dos accidentes/incidentes de traballo é un instrumento necesario e imprescindible para

coñecer as causas que os provocaron, de tal xeito que se poidan adoptar as medidas preventivas necesarias para eliminar esas causas e reducir a posibilidade de que se poidan repetir ese tipo de accidentes.

No caso de accidente o empresario/a está legalmente obrigado a notificar por escrito á autoridade laboral os danos para a saúde sufridos polos traballadores/as ao seu servizo no desenvolvemento das súas actividades laborais (artigo 23.3 da LPRL), a través do *Sistema de Declaración Electrónica de Accidentes de Traballo (Delt@)* ou o sistema equivalente que estea establecido na correspondente Comunidade Autónoma.



Pois ben, a pesares das prescricións normativas, as determinacións legais e os sistemas de comunicación habilitados para asegurar o cumprimento destas obrigas, a maioría dos empresarios/as do estado español incumpren flagrantemente a súa obriga legal de investigar os accidentes de traballo acontecidos na súa empresa.

Aínda que dende a *Enquisa Nacional de Xestión da Prevención* realizada no ano 2009 polo

chamado en aquel entón Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT), que xa puxera de manifesto que só un 35% das empresas españolas investigaba os accidentes, -sorporendentemente non se volveu facer a nivel estatal unha enquisa destas características-, en cambio si sabemos que só o 60% das empresas que contratan un servizo de prevención alleo (SPA) contratan a actividade preventiva de investigación de accidentes de traballo.

Por outra banda se acudimos á *II Enquisa sobre Xestión Preventiva das Empresas Andaluzas*

realizada no 2014 e altamente representativa do que acontece no conxunto do Estado, os resultados afianzan contundentemente o dito ata agora. Segundo esta enquisa só un 28,4% das empresas andaluzas investigan os accidentes laborais dos traballadores/as ao seu servizo.

Máis recentemente, no ano 2016, a *Enquisa Anual Laboral (EAL)* realizada polo Ministerio de Traballo e que excepcionalmente ese ano incluíu un apartado sobre prevención de riscos laborais, a pesares de que na mesma se excluíron sectores como agro, gandería, silvicultura, pesca, educación, defensa, administración pública, empregadores de persoal doméstico, actividades sanitarias e de servizos sociais, e que esta foi dirixida a empresas de cinco ou máis traballadores/as, o resultado da mesma

revelou que só un 34,4% das empresas españolas investigaba os accidentes laborais. Isto é, que o 65,6% das empresas non cumpren coa súa obriga legal de investigar os accidentes.

Así as cousas parece evidente que estamos ante un problema cronificado e cunha longa traxectoria histórica que parece non preocupar demasiado nin aos distintos partidos de Goberno dos últimos anos, nin tan sequera á propia Inspección de Traballo que non inclúe no seu Plan Estratégico 2018-2020 ningún tipo de actuación destinada a paliar esta perigosa situación.

Se temos en conta que os accidentes non investigados rondan o 60%, isto supón que uns 300.000 accidentes de traballo quedan anualmente sen investigar, sen que isto

conleve ningún tipo de sanción para a infinita maioría das empresas que non cumpren coa legalidade nesta materia.

Tal é así que segundo a propia Memoria da Inspección de Traballo correspondente ao ano 2017, no apartado sobre “Investigación de Accidentes de Traballo (AT) e Enfermidades Profesionais (EPPP)”, se computaron un total de apenas 1.501 actuacións nesta materia, das que tan so 110 derivaron en proposta de sanción e 230 en requirimento. Así as cousas non é de estrañar que os empresarios/as sexan conscientes da súa impunidade para seguir sen cumprir coa obriga de investigar os accidentes



de traballo dos seus empregados/as. Hoxe por hoxe a posibilidade de que os sancionen é practicamente insignificante.

Propostas de mellora

Mais esta situación con vontade política e a necesaria sensibilidade laboral é perfectamente abordable, cando menos para mellorar substancialmente a calamitosa e preocupante situación actual. Aparte da evidente necesidade de incrementar dunha maneira importante o número de actuacións da Inspección de Traballo nesta materia dándolle a prioridade que realmente merece, poderían adoptarse outras iniciativas sinxelas que contribúan a mudar esta cronificada e inadmisíbel situación, a saber:

- Esixir que a contratación da investigación de accidentes forme parte obrigatoria do contrato de prestación dos servizos a realizar polos Servizos de Prevención Alleos (SPA), cando menos cando as empresas non contén acreditadamente co persoal propio cualificado e competente para realizar esta función.
- Que cando a Inspección de Traballo reciba unha comunicación de accidente a través do sistema Delt@, este emita automaticamente un requirimento para que a empresa presente á Inspección de Traballo nun prazo prudencial o Informe de Investigación do Accidente (IIA).
- Cando a empresa sexa reincidente na non investigación dos accidentes que lle afectan, se incrementen as contías de sanción actualmente contempladas no artigo 12.3 da LISOS que agora van dos 2.046 € aos 40.985 €.

“Investigar un accidente de traballo hoxe constitúe a base para impedir que se poida repetir mañá”



A exposición a substancias nocivas para a saúde nos centros de traballo. Un caso real exemplificador.

Este caso que hoxe lembramos aquí, aconteceu a un traballador novo galego no ano 1997, exemplificándose cunha crúa dose de realismo cales poden ser as nefastas consecuencias do manexo e manipulación de produtos químicos e substancias nocivas no traballo, sen a imprescindible seguridade e prevención laboral sempre esixible nestes casos. Non ter axeitadamente identificados os riscos, coñecer a súa perigosidade, alcance, dimensión e adoptar as medidas preventivas axeitadas para evitalos, máis tarde ou máis cedo remata derivando en nefastas consecuencias para o traballador/a.

O caso completamente real que aquí se presenta, “Unha salpicadura mortal” (publicado no Blog de Toxicoloxía Laboral de prevencion-integral.com), resulta altamente exemplificador, tanto polas súas fatais consecuencias, como polo xeito en que aconteceu e a maneira casual na que se chegou a identificar a súa verdadeira orixe, que como en tantas e tantas outras ocasións, podería ter sido erroneamente diagnosticado ou mal cualificado, como un caso de patoloxía ou enfermidade común.

Un caso exemplificador

No mes de maio do ano 1997, un traballador de 26 anos empregado nun serradoiro de madeira do concello de Tomiño na provincia de Pontevedra, tras ter unha semana cunha gran carga de traballo e especialmente dura, está a desexar que finalice xa a súa xornada laboral para poder descansar.

O traballador non se atopa fisicamente ben, mais atribúe o seu estado a unha lata de conservas posiblemente en non moi bo estado que

comera facía un par de días. Esa semana tocoulle realizar unha actividade laboral distinta á que habitualmente desenvolvía, consistente en recoller a madeira que cae das máquinas cortadoras, asignándose a zona da “bañeira”, un lugar onde se mergullan os troncos nun “líquido” funxicida coa finalidade de preservalos e conservalos mellor.

Aínda que ao traballador lle advertiron xenericamente (non en profundidade como requiría a ocasión) das medidas de precaución que debería adoptar co “líquido” que estaba a manexar,



e se lle proporcionaron os EPIs e elementos protectores para desenvolver ese traballo, ninguén realmente lle fixo especial fincapé no risco real do "líquido" no que se bañaban os troncos. Esta circunstancia propiciou que a medida que foron pasando os días a vixilancia fose relaxándose e mesmo, nun intre en que se atopaba sen o mandil protector, ao traballador lle salpicara un pouco do "líquido" (Pentaclorofenol), empapándolle a roupa e deixándolle unha zona eritematosa (zona de pel enroxecida e irritada) por debaixo do embigo, á que el non lle deu maior importancia.


A medida que van transcorrendo as horas dende a salpicadura, o traballador vai sentíndose cada vez peor. Comézase a preocupar porque se atopa máis canso do habitual, ten febre e está moi suorento. Manifesta ese malestar ao seu xefe, que lle di que se vaia para casa. Mais, ao pouco de chegar ao seu domicilio, comeza a vomitar e alármase ao observar sangue. De inmediato, a súa familia trasládao ao hospital Meixoeiro, de Vigo.

Ao chegar é atendido con dilixencia por un dos médicos de garda, un residente de familia. O paciente refírelle unha astenia intensa (debilidade ou fatiga xeral), dor na zona superior do abdome (epigastrio) e moita sede; ademais maniféstalle o seu convencemento de que se debe a unha lata de conservas que tomou. Na

exploración obsérvase unha taquicardia e hipotensión e, o que é moi rechamante, unha hipertermia extrema (42°C). Ao facultativo tamén lle chama a atención o intenso rubor facial e a profusa suoración cutánea, que enmascaran en parte o discreto eritema infraabdominal, xusto onde recibira a salpicadura do "líquido". Ante a sospeita dunha hemorraxia dixestiva e un cadro infeccioso séptico solicítanse con urxencia probas complementarias, entre elas a determinación da toxina botulínica, para descartar calquera relación coa lata de conservas. Os

resultados do laboratorio amosan unha leucocitose con neutrofilia e desviación esquerda, unha elevación do enzima muscular CPK, e un aumento da urea en sangue, así como proteinuria (presenza de proteínas nunha cantidade superior ao normal) en ouri-

ños, co resultado da toxina botulínica negativa. Mais, mentres se tenta estabilizar ao paciente antes de realizarlle a gastroscopia, o seu estado clínico comeza bruscamente a empeorar cunha disnea e taquipnea evidente. Trasládase de inmediato á UCI onde ante a gravidade do cadro respiratorio realízase unha intubación (sorprendentemente moi dificultosa, pola rixidez que comeza a manifestar o paciente), a pesar do cal o traballador morre ao cabo de media hora. Dende o momento do seu ingreso ata que finou transcorreran catro horas. O



impacto emocional que provoca en todos os que o presencian (a mocidade do falecido, a sorprendente evolución clínica), vese agravada pola rechamante rixidez post-mortem, manténdose o cadáver envarado, apoiado tan só na caluga e os talóns.

De inmediato é solicitada a autopsia, que confirma un masivo edema hemorráxico pulmonar bilateral, unha gastroenteropatía hemorráxica e unha necrose tubular aguda. O falecemento certifícase como atribuíble a un shock multiorgánico, sen evidencia de achados morfolóxicos concluíntes do mecanismo precipitante. Unha semana máis tarde a viúva presenta unha denuncia no xulgado, manifestando a súa certeza de que o falecemento está en relación co traballo que o mozo realizaba.

Dous meses máis tarde do falecemento do traballador, o azar fai que un dos médicos que estivera presente na UCI onde o atenderon, acuda a unha mesa redonda na cidade de Ferrol que leva como título “Intoxicación por pentaclorofenol”, onde escoita que un dos signos máis característicos da intoxicación por este produto é unha franca rixidez e unha suoración profusa, información que comunica aos compañeiros do hospital e que reactiva na mente de todos o caso clínico acontecido dous meses antes.

Practicamente, de forma simultánea, un novo paciente ingresa no mesmo hospital Meixoeiro cunha sintomatoloxía semellante: malestar xeral, suoración profusa, cifras elevadas de CPK, unha lesión cutánea eritematosa e, sobre

todo, a mesma procedencia do traballador, un serradoiro.

Así as cousas, os clínicos do hospital, sensibilizados polo caso anterior, fan fincapé na relación co pentaclorofenol (PCP), e o traballador manifesta traballar con este produto. A análise do PCP en mostras de sangue e ouriños confirma que o paciente ten niveis elevados. De inmediato infórmase ás autoridades laborais e á Dirección Xeral de Saúde Pública da Xunta de Galiza sobre a detección de dous casos probables de intoxicación por PCP en dous serradoiros da provincia de Pontevedra. Na visita que os técnicos de hixiene industrial da Xunta de Galiza realizan ás empresas detectan que, efectivamente, está a utilizarse un produto etiquetado simplemente como “pentaclorofenato sódico” e que non está inscrito no rexistro do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación; este tóxico está a ser subministrado por unha empresa con razón social na provincia de Castellón, que á súa vez o importa ilegalmente de China. A investigación conclúe con que se vendeu a 91 serradoiros de toda a Galiza, onde nesa época era un produto amplamente utilizado polas súas propiedades funxicidas, para evitar a deterioración da madeira.

Tras esta evidencia realizouse a exhumación do cadáver do traballador e, aínda que o informe de toxicoloxía forense indicou que non se podía detectar o PCP a causa do tempo transcorrido, o caso considerouse probado como causado polo devandito tóxico.

O pentaclorofenol (PCP) e os seus sales, sobre todo o pentaclorofenato sódico, é unha substancia química sintética moi utilizada como axente funxicida da madeira, especialmente polo seu baixo custo. Aínda que é moi tóxico tanto por inhalación como por ingestión, a vía cutánea é a vía de entrada máis perigosa no marco laboral, ocasionando con frecuencia unha dermatite de contacto entre os que manipulan o produto. É fundamental, pois, levar luvas, protección facial e roupa protectora axeitada.

O mecanismo principal da súa acción tóxica é a inactivación dos enzimas que actúan na respiración celular. Por esta razón, ten lugar un fenómeno de ineficiencia metabólica de todos os tecidos, con produción de calor excesiva -aumenta a taxa de metabolismo basal-, que pode alcanzar os 42°C ou máis. A intoxicación aguda por PCP é moi perigosa e pode producir a morte a causa do grave dano sobre o ril, pulmón, fígado e SNC. Actualmente, a lexislación europea para a comercialización e uso do PCP-Na no tratamento da madeira é moi restritiva.

Unha aproximación á problemática

Realizando unha aproximación ao concepto do Contaminante Químico no entorno laboral, poderíamos dicir que pode considerarse como

tal a toda aquela substancia orgánica ou inorgánica, natural ou sintética, que durante a súa fabricación, manexo, transporte, almacenamento, uso ou manipulación, pode incorporarse ao ambiente en forma de po, fume, gas ou vapor, con efectos tóxicos e prexudiciais para a saúde dos traballadores/as que entran en contacto con ela; entendendo por tóxico como

toda aquela substancia que introducida ou en contacto co organismo poida ocasionar danos á saúde ou incluso a morte, dependendo da dose, concentración, tempo de exposición ou a vía de inoculación.

Segundo a *II Enquisa*

Europea de Condicións de Traballo, estímase que un 25% (1 de cada 4) dos traballadores/as europeos/as inhalan axentes químicos no traballo e un 15% manipulan substancias ou preparados perigosos. En termos xerais no mercado europeo circulan máis de 100.000 substancias químicas contidas nun millón de produtos diferentes. A envergadura destas descomunais cifras e o feito de que continuamente se estean a introducir novas substancias no mercado cuxa toxicidade e perigosidade é pouco coñecida, ou non se dispón dos estudos necesarios para identificar a súa nocividade real a curto, medio e longo prazo, fai desta cuestión un tema capital en materia de saúde laboral, saúde pública e preservación medioambiental.



No caso do Estado español, remitíndonos á VII *Enquisa Estatal de Condicións de Traballo*, o 23% dos traballadores/as estudados estaba exposto a contaminantes químicos no seu lugar de traballo. Extrapolando esa mostra de poboación estudada, por termo medio un 16% dos traballadores/as manipulan no seu posto de traballo produtos tóxicos ou nocivos, porcentaxe que se elevaría substancialmente se nos referimos a sectores e subsectores de actividade nos que se manipulan produtos químicos cunha maior frecuencia, tales como construción, talleres mecánicos, industrias tradicionais, hostalaría e limpeza, servizos sanitarios ou sector agropecuario, no que as porcentaxes poden alcanzar segundo os casos a máis do 50% dos traballadores/as.



Á vista desta realidade, entre outras moitas actuacións a realizar, a todas luces resulta necesario aumentar significativamente a importancia outorgada á prevención de riscos asociados á exposición de substancias perigosas, fomentar e promover a avaliación hixiénica de riscos, así como incrementar notablemente os niveis de información e coñecemento dos tra-

balladores/as expostos en relación ás estratexias e medidas preventivas a adoptar fronte a estes riscos. Cumpre tamén sen dúbida impulsar entre traballadores/as e empresarios/as o coñecemento e aplicación do marco legislativo preventivo existente nesta materia.

Para unha axeitada protección dos traballadores/as no ámbito laboral, a acción preventiva debe seguir as indicacións da lexislación específica de protección dos traballadores/as fronte aos axentes químicos e os axentes canceríxenos.

Aparte das moitas exposicións nocivas e contactos indeseados que a diario se producen nos centros de traballo producindo diversidade de lesións e deterioro da saúde, non se pode pasar por alto que nunha gran parte dos casos, a exposición laboral a axentes químicos e axentes canceríxenos de distinta orixe, en moitas ocasións rematan sendo a causa a medio e longo prazo (gran período de latencia) de graves enfermidades profesionais con nefastos desenlaces para os traballadores/as afectados.

Nos últimos anos téñense producido importantes avances en relación á comercialización e clasificación dos produtos químicos perigosos no seo da Unión Europea. No ano 2007 publicouse o Regulamento REACH relativo ao rexistro, á avaliación, á autorización e á restrición das substancias e preparados químicos, de directa aplicación en todos os Estados membros, pretendéndose coa súa aplicación exercer un maior control sobre os produtos químicos comercializados e obter información suficiente sobre os riscos que poden xerar. O REACH me-

llorou significativamente as diferentes normativas que existían ao respecto.

Paralelamente, no 2008 publicouse o Regulamento (CE) nº 1272/2008 sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, Regulamento CLP, que supón a aplicación do “Sistema globalmente harmonizado de clasificación e etiquetaxe de produtos químicos” (SGH) en todo o territorio da Unión Europea. Un novo sistema que substituíu totalmente no ano 2015 ao sistema convencional de clasificación e etiquetaxe dos produtos químicos perigosos; novos pictogramas, novas frases de perigo..., o que supón un esforzo da Unión Europea por sumarse ao obxectivo de acadar a harmonización mundial na clasificación e etiquetaxe de substancias e mesturas perigosas.

Hai que remarcar que avaliar o risco químico, é unha obriga empresarial inexcusable, en ocasións non exenta de complexidade, mais que se debe axustar rigorosamente ao prescrito na lexislación vixente, debéndose levar a cabo utilizando un procedemento que ofrezca fiabilidade sobre o resultado, e executado por profesionais debidamente formados. Os procedementos simplificados de avaliación e metodoloxías publicadas para avaliar o risco facilitan esta laboura.

O caso particular da Galiza

No caso da Galiza, o *Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral* (ISSGA), a través dunha iniciativa promovida dende o Consello Galego de Seguridade Laboral, a instancias da representación sindical da cal formamos parte como sindicato máis representativo do noso País,

levou a cabo un estudo co gallo de elaborar o “Mapa de Risco Químico da Galiza”.



Dos primeiros resultados do estudo desprendeuse que en todos os centros industriais de traballo estudados estaban presentes axentes químicos perigosos, a saber:

- Nun 6% dos casos os produtos utilizados non dispuñan de ficha de datos de seguridade (FDS), entre eles produtos con características de perigosidade importantes.
- O 60% dos produtos químicos utilizados nos distintos procesos produtivos estaban clasificados como perigosos.
- En máis da metade (53%) dos centros de traballo analizados foron detectados axentes canceríxenos e/ou mutáxenos.
- Nun 18% dos centros de traballo estaba presente un único produto canceríxeno.
- Nun 75 % dos centros de traballo estaban presentes produtos sensibilizantes (que poden producir reaccións alérxicas).
- Un 28 % das Fichas de Datos de Seguridade (FDS) dos produtos existentes nos centros de traballo amosou algún tipo de irregularidade relacionada coa falta de información, información confusa ou errónea ou con

erros na clasificación dos perigos de substancias e mesturas.

En relación aos **produtos canceríxenos e/ou mutáxenos (CM)**, a análise da información realizada no estudo revelou que a pesar de que no 53 % dos centros de traballo estaba presente algún produto canceríxeno ou mutáxeno:

- Un 26 % das empresas non proporcionou a información que se lles solicitaba especificamente sobre eles, é dicir, non os identificou, e un 18 % proporcionou información de algúns dos produtos con estas características.
- Nun 26 % dos centros de traballo estaban presentes axentes CM de 1ª e 2ª categoría (categoría 1A e 1B segundo o CLP), que deben ser avaliados tendo en conta a lexislación específica para estes axentes, a pesar do cal só o 45 % deles indicou ter realizado a avaliación específica para CM no cuestionario cuberto.

Principais conclusións en relación á situación da Galiza

- ✓ Hai un coñecemento incompleto por parte das empresas dos produtos químicos perigosos presentes nas súas instalacións así como das características de perigosidade destes produtos.
- ✓ Nunha porcentaxe importante dos centros de traballo están presentes axentes químicos para os que non existen niveis seguros de exposición (CM e sensibilizantes).
- ✓ Existen deficiencias importantes na información transmitida polos fabricantes, importa-

dores e provedores de produtos químicos perigosos por medio da ficha de datos de seguridade, documento legal fundamental para transmitir e controlar o risco xerado polos produtos químicos comercializados.

- ✓ As deficiencias nas FDS en moitos casos estaban relacionadas coa súa falla de actualización; nuns casos atribuíble ao fabricante e noutros á incorrecta xestión por parte da empresa.
- ✓ Un 55% das empresas galegas analizadas non realizaron a preceptiva avaliación hixiénica de riscos, a pesares de utilizar nos seus procesos produtivos produtos químicos e substancias nocivas para a saúde dos seus traballadores/as.

Como consecuencia do contraste e análise de toda a información recabada para a realización do “Mapa de Risco Químico da Galiza”, os datos obtidos no estudo xeran importantes dúbidas sobre a corrección da información transmitida aos traballadores/as por parte das empresas e sobre a correcta aplicación dos protocolos de prevención e de vixilancia da saúde, revelándose deficiencias importantes na identificación dos perigos, primeiro e imprescindible paso para unha correcta avaliación do risco químico.

Así as cousas a situación de alarma está xustificada, os efectos que os produtos químicos poden producir deben ser controlados e evitados, mais sen a súa identificación e coñecemento é imposible realizar unha prevención real e eficaz.

Informe sobre a desigualdade global -World Inequality Lab-

Hai xa varias décadas, finais dos anos 70 do pasado século, a dereita política neoliberal puxo un especial interese en difundir tres grandes e tendenciosas mentiras sobre as que poder xustificar a súa ideoloxía e a súa política económica. Crenzas que aínda hoxe en día seguen a dar soporte argumental á súa práctica económica e social, a saber:

- a) Que os procesos de globalización conducen por si mesmos a unha redución da desigualdade global entre os seres humanos.
- b) Que un elevado crecemento dos ingresos dos máis ricos (acumulación de riqueza) constitúe un factor esencial e indispensable para poder elevar os ingresos e as rendas da maioría da poboación máis pobre.
- c) Que a desigualdade é unha consecuencia directa, natural e inevitable da actividade comercial e o desenvolvemento tecnolóxico.

Pois ben, o último informe do “World Inequality Report” sobre a desigualdade mundial, o primeiro da historia que estuda en profundidade as tendencias sobre a desigualdade e a distribución da riqueza entre os países máis ricos e os países emerxentes nos últimos corenta anos, desvela con meridiana claridade a falacia destas afirmacións e pseudoverdades tautolóxicas acuñadas pola dereita capitalista neoliberal.

Analicemos a primeira gran

mentira do neoliberalismo: “Os procesos de globalización conducen a unha redución da desigualdade global entre os seres humanos”.


No informe do “World Inequality Report” conséntase que os procesos de globalización non só non conducen a unha redución da desigualdade

de global, senón que ben ao contrario, teñen levado a un notable incremento das desigualdades a nivel mundial, tanto entre países como internamente entre os individuos deses países.


O presente informe sobre a desigualdade mundial elaborado no pasado ano 2018 baséase tecnicamente en estatísticas de desigualdade sistemática, comparables entre si e cun alto nivel de transpa-

rencia, en relación aos países emerxentes e economicamente máis desenvolto, outorgándolle un incuestionable grao de rigor e de fiabilidade.

Segundo o informe, a pesares do forte desenvolvemento económico e o intenso crece-



mento dos mercados emerxentes nun mundo globalizado, estes factores non axudaron ao desenvolvemento dun maior grado de igualdade en materia económica e social, nin entre os países nin entre as persoas. Ata tal punto é certa esta afirmación que entre o ano 1980 e o ano 2016 a desigualdade entre a poboación aumentou significativamente. Mentres o 1% da poboación mundial máis rica incrementou dun 16% en 1980 a un 20% no 2016 a súa participación nos ingresos globais acumulados, o 50% da poboación mundial máis pobre (infinitamente máis persoas) participaron tan só nun 9% dos ingresos globais acumulados.



A segunda das grandes mentiras neoliberais (Teoría do goteo) afirma que “para crear certo nivel de crecemento nas rendas inferiores da maioría da poboación é imprescindible un alto crecemento de ingresos e unha maior acumulación de riqueza da minoría máis acaudalada”, ou o que é o mesmo, que os niveis cada vez máis grandes de desigualdade son necesarios para conseguir elevar o nivel de vida da maioría social máis pobre.

Cando procedemos a comparar o conxunto de Europa con EEUU, China e India, que nestas últimas décadas incrementaron significativamente (aínda que en distinto grao) o nivel de enriquecemento e concentración de recursos económicos por parte da súa minoría social máis rica, atopámonos incuestionablemente con que ao contrario do argumentado, os seus niveis de desigualdade aumentaron dunha maneira importante e que non melloraron os ingresos e a riqueza dos seus cidadáns máis pobres.

Posiblemente entre todos os exemplos, EEUU constituía a contradición máis extrema a esta mentira montada en torno á chamada *teoría do goteo*; así mentres dende 1980 os ingresos medraron máis dun 600% para 0,001% dos norteamericanos máis ricos, o 50% da poboación estadounidense con menos renda non experimentou ningún aumento na súa riqueza.

A pesares da evidente falacia que falsamente sostén a neoliberal *teoría do goteo* e o seu absoluto descrédito científico e intelectual, son moitos os países gobernados por formacións políticas da dereita neoliberal (un exemplo claro o constitúe o recente Goberno do PP liderado por Rajoy) que seguen a practicar e aplicar este tipo de nefastas políticas destinadas a favorecer a acumulación de riqueza dos máis ricos e o empobrecemento sistemático das clases medias e traballadoras, a través de políticas económicas, fiscais, laborais e sociais que afondan nas desigualdades e promoven a iniquidade social.

A terceira gran mentira do neoliberalismo que estamos a analizar, afirma que “a desigualdade é unha consecuencia directa, natural e inevitable da actividade comercial e o desenvolvemento tecnolóxico”. Como veremos agora esa afirmación é tamén rotundamente falsa. A política e non o comercio ou a tecnoloxía, é sen lugar a dúbidas a principal responsable da desigualdade.

As cifras presentadas no Informe do *World Inequality Lab*, amosan con nitidez as distintas evolucións da desigualdade nas últimas décadas en países e rexións facilmente comparábeis. Así por exemplo, tomando o caso de EEUU e Europa con niveis de igualdade análogos e con tamaños poboacionais e ingresos promedio semellantes no ano 1980, con exposicións tamén semellantes ás presións e oportunidades dos mercados internacionais ou á implantación de novas tecnoloxías, a súa evolución en cambio en termos de desigualdade entre os seus cidadáns, resultan significativamente diverxentes e distintas. Mentres en EEUU o 50% da poboación máis pobre diminuíu a súa participación no reparto da riqueza dun 20% a un 10%, no promedio dos países de Europa a diminución da súa participación nos ingresos foi dun 24% a un 22%, en gran medida explicada polas políticas extremas de corte neoliberal aplicadas en España polo Goberno do PP, que converteu ao Estado español no estado de Europa onde máis medrou a desigualdade entre os seus cidadáns, á vez que o situaba de cheo entre os tres países con maior nivel de desigualdade de todo o espectro europeo no marco da UE.



Así as cousas, nin a apertura comercial nin a dixitalización explican en absoluto o medre das desigualdades, máis ben ao contrario, son os tipos de políticas aplicadas e os desenvolvementos institucionais os que finalmente explican as diverxencias e as distintas evolucións nos distintos países en termos de desigualdade. *Cuestións como a equidade fiscal, a progresividade nos impostos, a contía do salario mínimo interprofesional, as posibilidades de acceso a unha educación gratuíta e de calidade, a existencia dun sistema de sanidade pública gratuíta e eficiente ou unha lexislación laboral xusta e equilibrada, son en definitiva entre outros moitos factores, os elementos que configuran o tipo de política que se aplica aos cidadáns en cada país, cos resultados consecuentes en termos de desigualdade e xustiza social.*

Reexaminar e analizar as falsas crenzas interesadamente xeneralizadas sobre a globalización e os seus impactos sobre a desigualdade global é nestes momentos históricos dunha vital importancia, ás portas como estamos dunha extraordinaria e perigosa revolución dixital, nun

momento no que as políticas das dereitas neo-liberais a nivel internacional teñen extremado a súa radicalidade e a súa cobiza irrefreable por acadar o poder político absoluto e obter o maior beneficio económico posible para as elites que constitúen esa minoría poboacional máis rica e poderosa do planeta. Trocar o actual paradigma capitalista neoliberal que tanta miseria, violencia, inxustiza e pobreza ten traído á humanidade é agora fundamental. Perder esta batalla, para as clases medias e traballadoras sería como voltar á época medieval.

De seguido procedemos a expoñer un resumo sucinto e en moitas ocasións literal, dos distintos apartados do Informe coa intención de facilitar a súa lectura e comprensión



I.OBXECTIVO DO INFORME SOBRE A DESIGUALDADE GLOBAL do “World Inequality Report”

O presente informe sobre Desigualdade Global ten como obxectivo ofrecer dunha vez por todas aos distintos actores políticos e sociais, as evidencias científicas e veraces necesarias para abordar cun coñecemento de causa real o necesario e inevitable debate sobre a desigualdade.

◆ A desigualdade económica e social é cada vez máis un feito xeralizado. Para os autores do presente informe non enfrontarse e parar o incremento da desigualdade podería conlevar todo tipo de catástrofes políticas, económicas e sociais.

◆ É obxectivo deste Informe proporcionar unha información transparente e de calidade en relación á desigualdade de ingresos e a distribución da riqueza co gallo de propiciar procesos de deliberación política e pública fundamentados en información real e fidedigna.

◆ O presente Informe tenta artellar os fenómenos macroeconómicos como políticas de nacionalización ou privatización, procesos de acumulación de capital, ou evolución das débedas públicas, cos fenómenos microeconómicos relativos á desigualdade, como os ingresos dos individuos, as transferencias de renda por eles percibidas ou a riqueza e as débedas individuais.

◆ Facer consistente a través deste informe a evidencia macro e microeconómica, non foi unha tarefa sinxela dadas as carencias existentes en moitos países en materia de informes económicos e sociais, de distribución dos ingresos e a riqueza ou de simples estatísticas.

◆ Para superar as limitacións existentes empregáronse metodoloxías innovadoras que combinan de forma sistemática e transparente todas as fontes de información dispoñíbeis: contas nacionais de ingresos e riqueza, enquisa de fogares de ingresos e riqueza, datos fiscais provintes de rexistros tributarios e rexistros de

impostos aos ingresos, herdanza e riqueza, listas e bases de datos de niveis de renda, listas de ricos, etc.


◆ A elaboración deste informe baséase no esforzo colectivo de máis de cen investigadores que contribuíron á base de datos de *WID.world*. Todas as series están dispoñíbeis en liña en wir2018.wid.world, son completamente replicábeis e permiten a calquera persoa ou organización realizar as análises que entendan pertinentes para alcanzar as súas propias conclusións acerca da desigualdade.

II. ACHADOS SOBRE A DESIGUALDADE GLOBAL DE INGRESOS

No presente Informe amósase que a desigualdade incrementouse en practicamente todas as rexións do mundo nas décadas recentes, aínda que con distintas velocidades e intensidades. *O feito constatable de que os niveis de desigualdade sexan tan diferentes entre países, incluso entre aqueles con niveis semellantes de desenvolvemento, amosa a extraordinaria importancia das políticas e as prácticas institucionais de cada Estado para influír dunha ou outra maneira na evolución da desigualdade.*

◆ A desigualdade de ingresos presenta unha forte variación entre rexións, sendo relativamente máis baixa en Europa e alcanzando o seu máximo en Oriente Medio. No ano 2016 a participación nos ingresos dos Estados por parte do 10% da súa poboación con maiores ingresos (a máis rica) foi a seguinte: Europa 37%, China 41%, Rusia 46%, EEUU 47%, África

Subsahariana, Brasil e India 55% e Oriente Medio 61%.



◆ Nas últimas décadas, a desigualdade de ingresos se ten incrementado practicamente en todos os países aínda que con distintas velocidades, indicando deste modo que as institucións e as políticas son relevantes para influír na desigualdade. Dende 1980 EEUU, China, India e Rusia incrementaron rapidamente o seu nivel de desigualdade, mentres que en Europa este medrou moderadamente, excepción feita de España e Grecia onde por distintos motivos a desigualdade medrou exponencialmente entre os seus cidadáns.

Dende unha perspectiva histórica ampla, o incremento exponencial da desigualdade nas últimas décadas, curiosamente coincide directamente coa chamada “caída do muro” que marca o fin do réxime igualitario de post-guerra, que deu pé a unha práctica neoliberal económica e socialmente moito máis agresiva por parte das dereitas políticas, que viron a oportunidade de desandar o camiño percorrido

en materia de dereitos e xustiza social en relación ás clases medias e traballadoras, unha vez que consideraron que o modelo comunista xa non podería servir de apoio e referencia para unha revolución política e social.

◆ A evolución da desigualdade de ingresos observada en EEUU vén dada en gran medida por unha enorme desigualdade educativa, no marco dun sistema tributario cada vez menos progresivo e un medre desmesurado das remuneracións dos “traballadores/as” con maiores ingresos.

◆ No Informe apórtanse as primeiras estimacións sobre o crecemento da desigualdade mundial dende 1980 e a súa distribución entre a totalidade da poboación do planeta. O 1% da poboación con maiores ingresos a escala global, recibiu ela soa o dobre de ingresos que o 50% do total da poboación mundial máis pobre, a pesares de ter experimentado este grupo unha certa melloría. Pola súa parte, a chamada clase media, á que pertencen o 90% da poboación da Unión Europea e de EEUU, ten reducido a súa participación nos ingresos estatais, incrementando os seus niveis de desigualdade.

III. POR QUE É RELEVANTE PARA A DESIGUALDADE A EVOLUCIÓN DA RIQUEZA NAS MANS DO SECTOR PRIVADO E DO SECTOR PÚBLICO?

◆ As desigualdades económicas están determinadas en boa medida pola distribución da riqueza, que pode ser de propiedade privada ou pública. Dende 1980 obsérvase en practicamente



te todos os países, tanto ricos como emerxentes, transformacións de gran tamaño e alcance na propiedade da riqueza, que pasa do dominio público ao privado. Así, mentres a riqueza nacional (pública+privada) ten medrado de maneira notable, a riqueza pública ten sido negativa ou cercana a cero nos países ricos (as débedas superan aos activos, como de xeito extremo ten acontecido no Estado español no período de Goberno do PP de Rajoy que incrementou a débeda pública dunha maneira descomunal). Esta circunstancia, entre outras consecuencias, limita extraordinariamente a capacidade dos gobernos para reducir a desigualdade, e certamente ten implicacións importantes para a desigualdade de riqueza entre as persoas.

◆ Nas últimas décadas a pesares de que os países se teñen volto teoricamente máis ricos como consecuencia da riqueza recibida e acumulada pola poboación minoritaria máis rica e poderosa deses países, contrariamente os gobernos se teñen volto máis pobres. A relación entre riqueza neta privada e a riqueza neta estatal, proporciónanos información sobre o total da riqueza controlada polos individuos en relación á controlada polos seus gobernos. A



relación entre a riqueza neta e privada, que conxuntamente equivale á riqueza dun país, constitúe un determinante crucial do nivel de desigualdade entre os seus cidadáns.

◆ A riqueza neta en mans privadas ten experimentado un significativo e xeneralizado crecemento nas últimas décadas, pasando dun intervalo de entre o 200 e 350% no ano 1970 a un intervalo de entre o 400 e o 700% na actualidade. Esta tendencia viuse incrementada ao aproveitar as políticas neoliberais a crisis financeira que comezou no 2008 e a burbulla de prezos de certos activos económicos, tal e como aconteceu no caso do Estado español.

◆ A riqueza neta en mans públicas (activos menos débeda pública), pola contra, ten diminuído exponencialmente practicamente en todos os países dende a década de 1980, circunstancia esta que limita extraordinariamente a capacidade dos gobernos para regular a economía, redistribuír os ingresos entre a poboación e mitigar ou atemperar o medre da desigualdade. As únicas excepcións a esta tendencia xeralizada como consecuencia da apli-

cación de políticas neoliberais, atopámola en países como Noruega que conta con importantes recursos petroleros e fondos soberanos de grandes dimensións.

IV. CALES SON OS ELEMENTOS NOVIDOSOS NO QUE REPECTA AO NIVEL E EVOLUCIÓN DA CONCENTRACIÓN DA RIQUEZA A NIVEL MUNDIAL?

◆ A desigualdade de riqueza entre individuos ten medrado a diferentes velocidades entre países dende 1980. O incremento na desigualdade de ingresos, así como as transferencias de gran envergadura da riqueza do sector público ao sector privado levadas adiante durante os últimos corenta anos, teñen traído como consecuencia un notable incremento da concentración da riqueza en mans dunha minoría.

◆ Entre 1980 e 2014, en EEUU o 1% da súa poboación máis rica incrementou a súa participación na riqueza do país dun 22% a un 39%. No caso de Francia e o Reino Unido esta evolución non foi tan acentuada debido en parte ao efecto moderador da riqueza inmobiliaria maioritariamente en mans da clase media destes países, e ao seu menor nivel de desigualdade de ingresos entre os seus cidadáns.

◆ No caso de China e Rusia na “transición” realizada do comunismo ao capitalismo, teñen experimentado unha significativa concentración da riqueza, de xeito que entre 1995 e 2015, o 1% da súa poboación máis rica ten pasado dun 15% a un 30% en China e dun 22% a un 43% en Rusia.

V. CAL É O FUTURO DA DESIGUALDADE MUNDIAL E COMO ENFRONTALO?

No presente informe do “World Inequality Lab” se presentan proxeccións da evolución da desigualdade de ingresos e riqueza ata o ano 2050 en base a distintos escenarios. Dentro destes escenarios se prevé que se as condicións actuais e as políticas públicas que se levan a cabo non cambian, a desigualdade a escala mundial seguirá a medrar, reducindo significativamente o número de persoas que poderían ser consideradas como clase media.

É lóxico que o incremento da desigualdade de riqueza interior en cada País teña potenciado o medre da desigualdade da riqueza a escala global. Así as cousas a tendencia mundial que se ten observado entre 1980 e 2016, foi o resultado en gran parte dunha combinación do que veu acontecendo en China, Europa e EEUU, de tal xeito que a proporción de riqueza controlada polo 1% máis rico do mundo pasou do 28% ao 33%, mentres que o 75% da poboación quedouse tan só cun 10% da riqueza.

De continuar as tendencias observadas en termos de distribución da riqueza, a participación do 0.1% máis rico do mundo sería equivalente á

riqueza de toda a clase media mundial para o ano 2050.

Para este informe, a desigualdade de ingresos mundial seguirá incrementándose de non cambiar as condicións actuais, incluso baixo supostos optimistas en relación ao crecemento dos países emerxentes.

A dinámica da desigualdade no interior dos países (tal e como ten acontecido no Estado español) ten un inmenso efecto na erradicación ou non da pobreza e na equidade social.



Enfrontar a desigualdade de ingresos e riqueza a escala mundial require de cambios importantes nas políticas impositivas (fiscais) de cada Estado e a nivel global. Son moitos os países que deberán revisar as súas políticas educativas, salariais e de toma de decisión nas políticas em-

presariais. Así mesmo a transparencia en termos de acceso á información de todos os cidadáns en relación ás actividades económicas tamén resultará extraordinariamente importante, dende unha perspectiva de democratización da información e de fiscalización das decisións económicas adoptadas, así como dos seus verdadeiros resultados.

A progresividade impositiva (que paguen máis os que máis teñen) constitúe unha ferramenta de probada eficacia para limitar o aumento da

desigualdade e a concentración de ingresos e de riqueza. A tributación progresiva non só reduce a desigualdade de xeito directo, senón que tamén diminúe as posibilidades de acumulación de ingresos e de riqueza por parte dos máis ricos. A evolución da progresividade na tributación depende de decisións políticas. Os impostos ás herdanzas, sucesións e doazóns constitúen unha parte irrelevante do sistema impositivo dos estados cun alto grado de desigualdade (como no caso español), o que debería abrir a posibilidade para desenvolver importantes reformas impositivas no sistema fiscal.



Un rexistro financeiro global que dea conta da propiedade dos activos financeiros, permitiría limitar a evasión fiscal, o lavado de diñeiro e o medre da desigualdade, propiciando unha sociedade máis xusta e equitativa. A evasión tributaria tal e como ten quedado en evidencia en numerosas ocasións e que vén medrando dende o ano 1970, representa nada menos que o 10% do Produto Interior Bruto (PIB) mundial. A gran importancia dos paraísos fiscais dificulta en extremo a estimación da riqueza e os ingresos xerados por esta. A creación dun rexistro

financeiro global facilitaría combater máis efectivamente a defraudación e a evasión fiscal.

O acceso máis igualitario á educación e a empregos dignos ben remunerados, constitúen factores clave para enfrontar o estancamento e a febleza no medre dos ingresos da metade máis pobre da poboación. Recentes investigacións demostran que pode existir unha brecha inmensa entre o discurso público en relación a igualdade de oportunidades e as que realmente existen no acceso á educación ou ao emprego. Tanto nos países ricos como nos emerxentes faise necesario fixar obxectivos transparentes e verificables que faciliten estes accesos.

O acceso igualitario á educación é imprescindible, mais insuficiente por si só para reducir a desigualdade en ausencia de mecanismos que aseguren empregos dignos e ben remunerados á poboación con menos recursos. Unha mellor representación e participación dos traballadores/as nas estruturas de decisión das empresas e uns salarios mínimos interprofesionais dignos e suficientes, son tamén factores de extraordinaria importancia para acadar reducións nos niveis de desigualdade.

Os gobernos deberían realizar políticas e inversións que permitisen reducir os actuais niveis de desigualdade de ingresos e de riqueza, e previr novos incrementos no futuro. Fanse necesarios maiores investimentos públicos en educación, saúde e protección medioambiental, tanto para combater a actual desigualdade como para previr incrementos futuros.

O Rexistro da xornada de traballo: un dispositivo de protección fronte ao abuso laboral

O longo debate que se ten producido nos últimos anos sobre os aspectos legais e a obrigatoriedade ou non do rexistro da xornada laboral dos traballadores/as, chegou ao seu fin trala aprobación no Congreso dos Deputados da reforma do Estatuto dos Traballadores que obriga ás empresas a levar un control e rexistro da xornada laboral.



A través desta desexada e reclamada reforma do artigo 34 do Estatuto dos Traballadores, ponse un importante obstáculo á práctica abusiva e ilegal de moitas empresas que obrigan aos seus empregados/as a facer horas extraordinarias en moitos casos non remuneradas, non cotizadas e non compensadas. Tan estendida e naturalizada está xa esta nefasta práctica, que nestes últimos anos de goberno do PP se ten detectado un incremento exponencial das horas extras non pagadas nin cotizadas, dándose a circunstancia que no período que abrangue do ano 2008 ao 2016, pasouse de pagar 6 millóns de horas extras a tan só pagar 2,8 millóns.

Así as cousas, tras a publicación do *Real Decreto Lei 8/2019, do 8 de marzo, de medidas urxentes de protección social e de loita contra a precarie-*

dade laboral na xornada de traballo, o rexistro da xornada laboral pasa a ser obrigatorio, entrando en vigor **o 12 de maio do presente ano**.

Atendendo ao contido do artigo 10 deste novo RDL que modifica o artigo 34 do Estatuto dos Traballadores, dérvase o seguinte:

- ◆ A obriga do rexistro da xornada, que xa existía para os traballadores/as a tempo parcial, esténdese a todos os traballadores/as.
- ◆ Aínda que no Real Decreto Lei non se establece un modelo oficial ou sistema, si se indica que o rexistro incluírá o horario concreto de inicio e fin de cada xornada de traballo, sen prexuízo da flexibilidade horaria existente.
- ◆ Estabelece a obriga da empresa de conservar os rexistros durante 4 anos, e que estes deberán estar a disposición dos traballadores/as, representantes legais dos traballadores/as e Inspección de Traballo.
- ◆ Abre a porta a que a través de negociación colectiva ou acordo de empresa se poida organizar e documentar o rexistro da xornada, aínda que tamén por decisión do empresario/a.

Estes rexistros deberán reflectir os datos que, segundo se pactou nos convenios colectivos ou contratos de traballo, corresponden como

horas traballadas por cada empregado/a, co tope xa vixente de non superar as 80 horas extraordinarias por ano.



Argumentos a favor da reforma estatutaria:

- ◆ Os aproximadamente 3,2 millóns de horas extraordinarias non pagadas dende o ano 2008, equivalerían cando menos a unha fonte de emprego de 26.000 novos postos de traballo.
- ◆ A obrigatoriedade do rexistro da xornada servirá para reducir as grandes cantidades de horas semanais que non entran dentro do contrato estipulado e nin se remuneran, nin se cotizan, nin se compensan.
- ◆ A vixencia desta regulación supoñerá que ao elevarse a sanción de infracción por non pagar as horas extraordinarias de leve a grave, poderán reducirse o 45% de horas que actualmente seguen quedando sen pagar por parte das empresas.
- ◆ Coa entrada en vigor desta medida, as empresas infractoras enfrontaríanse a multas que poderían chegar aos 187.515 euros, cantidades que compensarían en certa medida as horas non tributadas ás arcas da Seguridade Social.

En resumidas contas, os controis establecidos a través deste rexistro servirán para propiciar un traballo máis digno e decente, facilitar a conciliación laboral e contribuír á creación de emprego.

Un control do horario estipulado para cada traballador/a por contrato, sen dúbida algunha contribuirá tamén a diminuír as sobrecargas de traballo, os falsos contratos a tempo parcial e as xornadas sen horario de saída, propiciando tamén unhas mellores condicións psicofísicas do traballador/a, reducindo así as posibilidades de que aconteza un sinistro laboral por este motivo. Por outra banda, a incorporación dun sistema de control e rexistro do horario laboral, non ten porque supoñer un maior esforzo para as empresas, axudando iso si a reducir a competencia desleal de aquelas empresas que reducen custos e gañan en competitividade vulnerando os dereitos laborais e roubando aos seus traballadores/as.

Obrigas normativas sobre o rexistro da xornada laboral dos traballadores/as

Horas extraordinarias

O apdo. 5, art. 35 ET, establece «A efectos do cómputo de horas extraordinarias, a xornada de cada traballador/a rexistrarase día a día e se totalizará no período fixado para o abono das retribucións, entregando copia do resumo ao traballador/a no recibo correspondente».

A empresa atoparase obrigada a entregar ao traballador/a, en cada período de pago salarial, un comprobante de horas incluído no recibo de salarios.

Traballadores/as a tempo parcial

O apdo. 4 c), art. 12 ET, establece respecto dos traballadores/as a tempo parcial «A estes efectos, a xornada dos traballadores a tempo parcial rexistrarase día a día e se totalizará mensualmente, entregando copia ao traballador, xunto co recibo de salarios, do resumo de todas as horas realizadas en cada mes, tanto as ordinarias como as complementarias».

Teletraballadores/as

Nada se especifica tras o cambio normativo. Con todo, o control do tempo de traballo é responsabilidade da empresa, que debe igualmente rexistrar a xornada do traballador/a (*Sentenza Social TSX Castela e León, Sala do social, Sec. 1, Rec. 2229/2015, 03-02-2016*).

O empresario/a deberá conservar os resumos mensuais dos rexistros de xornada durante un período mínimo de catro anos. En caso de incumprimento das obrigacións de rexistro, o contrato presumirase celebrado a xornada completa, salvo proba en contrario.

O Goberno, a proposta da persoa titular do Ministerio de Traballo, Migracións e Segurida-

de Social e previa consulta ás organizacións sindicais e empresariais máis representativas, poderá establecer ampliacións ou limitacións na ordenación e duración da xornada de traba-



llo e dos descansos, así como especialidades nas obrigacións de rexistro de xornada, para aqueles sectores, traballos e categorías profesionais que polas súas peculiaridades así o requiran.

A organización e documentación do rexistro de xornada, deberá realizarse mediante:

- Negociación colectiva.
- Acordo de empresa.
- Decisión do empresario/a previa consulta cos representantes legais dos traballadores/as na empresa.

Depósito Legal:
C428-2012

Os contidos publicados son responsabilidade exclusiva do Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral da Confederación Intersindical Galega e non reflicten necesariamente a opinión da "Fundación Estatal para la Prevención de Riesgos Laborales F.S.P."

Edita: Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral. www.ciqaudelaboral.org